

## **BASES PARA REGULAR A PARTICIPACIÓN CIDADÁ NA CABALGATA DE REIS 2018**

### **1. OBXECTO**

O Instituto Municipal Coruña Espectáculos (en adiante, IMCE) convoca as cidadás e os cidadáns da cidade co obxectivo de regular a súa participación como “figurantes” na Cabalgata de Reis 2018, o xoves 5 de xaneiro.

Existen dúas modalidades de participación:

- figurantes que irán sentados
- figurantes que formarán o séquito “a pé”

As normas para participar regularanse segundo o que dispoñen as presentes bases.

### **2. PERSOAS FIGURANTES QUE IRÁN SENTADAS**

Poden inscribirse todas as nenas e nenos que o 1 de xaneiro de 2018 teñan unha idade comprendida entre os 6 e os 10 anos.

O total de prazas ofertadas nesta modalidade é de 251, entre figurantes en carrozas e figurantes en trens.

### **3. FIGURANTES QUE FORMARÁN O SÉQUITO A PÉ**

Pódense inscribir todas as cidadás e cidadáns que o 1 de xaneiro de 2018 teñan máis de 10 anos. O total de prazas ofertadas nesta modalidade é de 90, como séquito de paxes reais exclusivamente diante das tres carrozas das SS MM os Reis Magos.

### **4. INSCRICIÓN**

**4.1** O período para recibir solicitudes será desde as 14.00 h do xoves 21 de decembro ata as 20:00 h do domingo 24 de decembro.

**4.2** As solicitudes formalizaranse cubrindo a ficha de inscrición, que se poderá descargar na web municipal ([www.coruna.es](http://www.coruna.es)).

**4.3** Os datos que se deben facilitar son os seguintes:

- nome, apelidos e data de nacemento (idade)
- nome e apelidos da nai, do pai, da persoa representante da/o menor, se é o caso, e autorización da participación da/o menor na cabalgata
- teléfonos de contacto
- correo electrónico
- autorización de uso da imaxe

**4.4** A recollida realizarase por orde de recepción das solicitudes debidamente cubertas e asignarase correlativamente a cada unha delas o seu número de solicitude correspondente.

**4.5** Para determinar a localización das persoas participantes, realizarase un sorteo que igualmente serviría para adxudicar as prazas no caso de que as solicitudes excedan a oferta dispoñible. O sorteo realizarase o 28 de decembro ás 12 h no Coliseum da Coruña e adxudicaranse as prazas correlativamente a partir do número agraciado no sorteo segundo a seguinte distribución en función das categorías:

-Persoas figurantes sentadas:

- do 1 ao 25: carroza de Melchor
- do 26 ao 50: carroza de Gaspar
- do 51 ao 75: carroza de Baltasar

- do 76 ao 89: carroza municipal núm. 1
- do 90 ao 103: carroza municipal núm. 2
- do 104 ao 117: carroza municipal núm. 3
- do 118 ao 131: carroza municipal núm. 4
- do 132 ao 171: tren 1
- do 172 ao 211: tren 2
- do 212 ao 251: tren 3

-Persoas figurantes de “séquito a pé”:

- do 1 ao 30: paxes de Melchor
- do 31 ao 60: paxes de Gaspar
- do 61 ao 90: paxes de Baltasar

- 4.6** Logo de realizar a adxudicación, comunicaráselles ás persoas interesadas (vía correo electrónico ou vía telefónica) a súa localización na cabalgata, así como a información necesaria para participar nela: lugar e horario de presentación o día 5 de xaneiro, e horario e forma de recollida das e dos menores na praza de María Pita, logo de finalizar na cabalgata o saúdo real. Esta folia de información colgarase, ao mesmo tempo, na web municipal [www.coruna.es](http://www.coruna.es), como anexo ás bases.

As persoas agraciadas no sorteo deberán presentar a inscrición cuberta e asinada xunto coas normas que son de obrigado cumprimento:

Día: 2 de xaneiro

Lugar: Coliseum (porta de prensa)

Horario: de 16.00 a 20.30 horas

A organización facilitaralles un resguardo que deberán presentar o día da cabalgata no centro asignado.

- 4.7** Logo de se cubriren as prazas dispoñibles, conformarase unha relación de espera para cubrir baixas ou novas necesidades.

- 4.8** Se unha das persoas das admitidas, por razón persoais ou doutra índole, non puidese participar na cabalgata, deberá comunicalo por correo electrónico ([imce@coruna.es](mailto:imce@coruna.es)), por teléfono (981 184 200 – extensión 58105) ou nas oficinas do IMCE (Avda. da Mariña núm. 18), con anterioridade ao luns 4 de xaneiro de 2018. Será substituída inexcusablemente pola persoa que por rigorosa orde de inscrición conforme a primeira praza das de reserva, e así sucesivamente, por orde correlativa.

## **5. PARTICIPANTES**

- 5.1** As persoas participantes comprométense a presentarse o 5 de xaneiro no lugar e hora marcados como punto de encontro, vestidos unicamente cunhas mallas, zapatillas deportivas/botas, camiseta térmica de manga longa e un xersei, tamén de manga longa, todo de cor negra. O vestiario e chuvasqueiro (para o caso de chuvia) serán facilitados polo IMCE na modalidade de préstamo gratuíto.

- 5.2** De conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase ás persoas que participen de que, en relación cos datos incorporados de forma voluntaria na inscrición, poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixindo un escrito ao IMCE (Avda. da Mariña, 18). En todo caso, unha vez finalizada a cabalgata, o ficheiro automático que incorpora os datos de carácter persoal será destruído.

### 5.3 NORMAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO:

1. As e os figurantes menores de idade, sentados no tren número 3 e nas carrozas dos Reis Magos, deberán presentarse, co resgardo de inscrición e acompañados pola nai, polo pai ou pola persoa titora, o día 5 de xaneiro á 15:30 horas na entrada do Centro Cívico Municipal do Castrillón (praza de Pablo Iglesias, s/n, 15009 A Coruña), onde quedarán a cargo das persoas responsables da organización da Cabalgata de Reis 2018.
2. As e os figurantes menores de idade, sentados nos trens 1-2 e nas carrozas 1, 2, 3 e 4, deberán presentarse co resgardo de inscrición, acompañados pola nai, polo pai ou pola persoa titora, o día 5 de xaneiro ás 15.30 horas na entrada do Colexio Juan Fernández Latorre (Avda. Casanova de Eirís, 26, 15009 A Coruña), onde quedarán a cargo das persoas responsables da organización da Cabalgata de Reis 2018.
3. As persoas figurantes do séquito a pé deberán presentarse, co resgardo de inscrición e, en caso de menores, acompañados pola nai, polo pai ou pola persoa titora, o día 5 de xaneiro ás 15.30 horas na entrada de acceso ao Centro Cívico Municipal do Castrillón (praza de Pablo Igrexas, s/n. 15009 A Coruña), onde quedarán a cargo das persoas responsables da organización da Cabalgata de Reis 2018.
1. Desde o momento de entrega ata a hora de iniciar a cabalgata, as persoas figurantes permanecerán nas instalación asignadas, onde se vestirán, maquillarán e realizarán actividades variadas para amenizaren a espera ata a chegada das súas maxestades os Reis Magos de Oriente.
2. Durante o percorrido, as persoas figurantes lanzarán caramelos e farán coreografías variadas.
3. A duración do percorrido da Cabalgata de Reis 2018 será aproximadamente de 3 horas, e está prevista a chegada á praza de María Pita ás 20.30 horas.
4. Logo de rematar o saúdo real, e **SÓ ENTÓN**, serán recollidos os/as figurantes menores polas persoas responsables, a nai, o pai ou a persoa titora, pola “porta” que corresponda, logo de se comprobaren as pulseiras identificativas de ambos.
5. En **NINGÚN CASO** se poderá acceder ás zonas delimitadas pola organización na praza de María Pita para recoller un/unha menor figurante con anterioridade a rematar o saúdo real.

Acepto as normas sinaladas pola organización para participar na Cabalgata de Reis 2018 e, para que así conste, asino estas bases.

A Coruña, 19 de decembro de 2017

Asdo. José Manuel Sande García  
Vicepresidente do IMCE